

A análise das prestacións sanitarias realizarase a partir dos datos recollidos nos Presupostos Xerais da Xunta de Galicia e os datos facilitados polo Servicio Galego de Saúde (Sergas), a Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia, a Subdirección Xeral de Información Sanitaria e a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Prestacións sanitarias

Servicio Galego de Saúde (Sergas).- O estudo de Sergas comenza coa descripción dos seus presupostos. Polo lado dos ingresos, o **cadro 7.3.1.** reflicte que a principal fonte de ingresos son as trasferencias correntes, que representan o 98,8% do total.

Polo lado dos gastos, estos crecen, en parte, pola posta en marcha dos novos hospitais xestionados polas fundacións da Barbanza e Virxe da Xunqueira, e pola repercusión do gasto correspondente a receitas médicas. O **cadro 7.3.2.** reflicte os programas de gastos do Sergas, onde os

máis importantes, ó igual que no ano anterior, son os de atención especializada e o de atención primaria de saúde con 173.154,3 e 105.923 miles de millóns de pesetas, respectivamente.

Os programas de atención especializada englobarían un conxunto de actividades desenvolvidas nos centros e polo persoal especializado do sistema sanitario, baixo o seguinte esquema: Centros de atención especializada ambulatoria; Centros hospitalarios xestionados e administrados polo Servicio Galego de Saúde; Servicios de asistencia especializada concertada; e Prestacións sanitarias complementarias con fins terapéuticos.

Pola súa banda, os programas de atención primaria de saúde acollen as accións ancaminadas a conseguilo mantemento e mellora do nivel de atención primaria. Así mesmo, forman parte deste programa a prestación farmacéutica e o gasto da actividade propia de atención primaria prestada con recursos patrimoniais alleos.

Galicia dispoñía, a 31 de decembro de 1998, de 11.033 camas hospitalarias

CADRO 7.3.1.

Presuposto de ingresos do Sergas 1997-98

	1997		1998		98/97	
	importe (en millóns de pesetas)	%	importe (en millóns de pesetas)	%	importe (en millóns de pesetas)	%
III Taxas, prezos e outros ingresos	3.403	1,2	3.519	1,2	116	3,4
IV Transferencias correntes	269.725	98,8	285.620	98,8	15.895	5,9
Total	273.128	100,0	289.139	100,0	16.011	5,9

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 7.3.2.

Presuposto do Sergas 1997-98: distribución do crédito por programas

	1997	1998	98/97
	(en millóns de pesetas)	(en millóns de pesetas)	(%)
Protección e promoción da saúde	2.806,46		
Atención primaria de saúde	97.048,36	105.923,00	9,1
Atención especializada	162.836,26	173.154,30	6,3
Dirección e servicios xerais	6.658,22		
Formación de graduados e postgraduados	3.778,81	3.687,10	-2,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 7.3.3.

Camas instaladas nos hospitais 1998 ⁽¹⁾:
distribución segundo a titularidade do hospital

	hospitais públicos	hospitais privados	
		hospitais con concerto co Sergas	outros hospitais
A Coruña	2.919	976	795
Lugo	981	141	300
Ourense	1.215	156	38
Pontevedra	1.949	1.242	321
Total	7.064	2.515	1.454

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: Sergas

CADRO 7.3.4.

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do Sergas 1997-98 ⁽¹⁾

Hospitais	1997		1998	
	Camas instaladas	Camas funcionantes	Camas instaladas	Camas funcionantes
C.H. Juan Canalejo	1.285	1.252	1.304	1.268
C.Universitario de Santiago	1.063	1.063	1.064	1.064
C.H. Xeral-Calde	723	723	720	718
C.H. Cristal Piñor	729	658	671	655
C.H. Xeral Cíes	636	608	675	653
H. Meixoeiro con Medtec	421	421	419	419
C.H. Arq. Marcide	458	404	458	399
H. Montecelo	332	332	332	332
H. Prov. de Pontevedra	347	347	333	333
H.C. da Costa	124	124	124	124
H.C. de Monforte	137	137	137	137
H.C. de Valdeorras	84	84	84	84
H.Sta. María Nai	274	270	274	274
H. Nicolás Peña	80	80	80	80
Total	6.693	6.503	6.675	6.540

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Sergas

CADRO 7.3.5.
Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 1997-98

	Intervencións totais		Intervencións ambulatorias	
	1997	1998	1997	1998
A Coruña	55.157	54.190	17.752	17.284
Lugo	17.947	17.936	4.823	5.826
Ourense	19.455	18.266	5.111	5.896
Pontevedra	42.621	41.965	14.087	14.222
Total	135.180	132.357	41.773	43.228

	Intervencións totais	
	Intervencións programadas	Intervencións urxentes
1997	105.895	29.285
1998	103.975	28.382

Fonte: Sergas

instaladas, das que 7.64 corresponden a centros públicos e 2.515, a hospitais con concerto coa Consellería. Por provincias, ó maior número de camas hospitalarias corresponde a A Coruña, con 4.690, un 62% delas en centros públicos. Na provincia de Pontevedra hai 3.512 camas hospitalarias instaladas, das que 1.949 (un 55,5%) corresponde a hospitais públicos. No caso da provincia de Ourense, o 86,2% das camas instaladas (1.215 dun total de 1.409) ubícanse en centros públicos.

No que á actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas se refire, en 1998 realizáronse un total de 132.357 intervencións, un 2,08% menos que no ano anterior, das que 103.975 foron intervencións programadas e as outras 28.382 foron intervencións urxentes. As intervencións ambulatorias foron 43.228 fronte ás 41.773 do ano anterior, tal e como se reflicte no **cadro 7.3.5**.

O **cadro 7.3.6** reflicte a lista de espera cirúrxica nos hospitais do Sergas e amosa que a demora media descende un 12,13% respecto ó ano anterior para situarse en 65 días. Dos datos recollidos no dito cadro hai que salienta tanto o forte descenso das esperas dun tempo superior a 6 meses, como o aumento do peso relativo

das esperas de menos de tres meses, que supoñén o 75,57% en 1998 fronte ó 69,63% do ano anterior.

Transplantes e doazóns

Respecto ós transplantes en Galicia nos anos 96 e 97, o **cadro 7.3.7** amosa o aumento dos mesmos dun ano para o outro. Entre os transplantes de órganos, 280 en 1997, a metade dos mesmos corresponde ós transplantes de ril, e entre os transplantes de tecidos, os máis importantes corresponden ós de córneas e tecido óseo, producíndose, nestes últimos, un aumento do 300% en 1997 respecto ó ano anterior.

En canto ás doazóns, a provincia de A Coruña é quen presenta o maior número das mesmas e a maior taxa por millón de habitantes. Ó igual que no ano 1996, en 1997 as provincias de A Coruña e Ourense presentan unha taxa de doazóns por cada mil habitantes superior á media galega, que foi de 31,4.

Tarxeta sanitaria

A implantación da tarxeta sanitaria a 31 de decembro de 1998 acadou o 100% dos concellos de Galicia, emitíndoselle o

CADRO 7.3.6.

Lista de espera cirúrxica nos hospitais do Sergas 1996-98

	1996	1997	1998
Menos de tres meses	11.353	11.695	10.739
Entre 3 e 6 meses	4.363	4.570	3.436
Máis de 6 meses	820	532	36
Total	16.536	16.797	14.211
Demora media (1)	79,4	74,2	65,2

(1) en días

Fonte: Sergas

CADRO 7.3.7.

Transplantes e doazón de órganos 1996-97

Transplantes

	1996	1997	97/96 (%)
Organos	256	280	9,4
Ril	135	140	3,7
Corazón	43	46	7,0
Fígado	78	94	20,5
Tecidos	273	429	57,1
Prox. hemat.	85	126	48,2
Córneas	129	136	5,4
Oseo	34	136	300,0
Seg. vasc.	18	29	61,1
Pel	7	2	-71,4
Total	529	709	34,0

Doazóns

	1996		1997	
	número	doazon / millon de habs.	número	doazon / millon de habs.
A Coruña	48	43,76	56	50,43
Lugo	3	7,81	-	-
Ourense	15	42,43	13	37,47
Pontevedra	14	15,61	17	18,58
Total	80	27,40	86	31,4

(1) datos calculados a partir do Padrón municipal de habitantes 1-5-1996

Fonte: Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia

documento ó 94% da poboación protexida polo Sergas. En 1998 finalizou, coa captación de datos en 64 concellos (22 correspondentes á provincia de Ourense e 42 municipios da provincia de Lugo), a fase de captación de datos, que se desenvolveu segundo se reflicte no **cadro 7.3.8**.

Prestacións farmacéuticas

O gasto farmacéutico en Galicia ascendeu a 81.289 millóns de pesetas, un

13,35% máis que en 1997. A parte máis importante é o gasto extrahospitalario, con 69.203 millóns de pesetas (un 85,1% do total), despois de ter experimentado un crecemento do 12,93%.

O gasto hospitalario (12.086 millóns de pesetas) medra un 15,78% respecto ó ano anterior (**cadro 7.3.9**). O gasto medio por titular ascendeu a 28.416 pesetas en 1998 fronte ás 37.950 do ano anterior, sendo o gasto farmacéutico medio por pensionista de 68.443 pesetas.

CADRO 7.3.9.
Implantación da tarxeta sanitaria 1995-98

	Concellos nos que se captaron datos	% s/Total	% poboación captada
1995	45	14	15
1996	37	12	33
1997	169	54	89
1998	64	20	94

Fonte: Sergas

CADRO 7.3.9.
Gasto farmacéutico 1997-98

	1997 <i>(en millóns de pesetas)</i>	1998 <i>(en millóns de pesetas)</i>	98/97 <i>(%)</i>
Galicia			
Extrahospitalario	61.278	69.203	12,93
Hospitalario	10.439	12.086	15,78
Total	71.717	81.289	13,35
España			
Total (1)	856.789	946.803	10,51

 (1) inclúe tódalas CC.AA. transferidas e Insalud xestión directa
 Fonte: Sergas

O **cadro 7.3.10.** reflicte que o número de titulares con dereito a asistencia ascendeu a 2.435.382 persoas, das que 793.292, o 32,6%, son pensionistas. O número de receitas facturadas por estas persoas ascendeu a 27.031 miles de receitas, cun gasto medio por receita de 2.009 pesetas, cando o gasto medio por receita en Galicia foi de 1.812 pesetas.

O gasto farmacéutico a través de receitas médicas ascendeu a 69.203 millóns de pesetas, un 12,66% superior ó de 1997, correspondendo un gasto de 54.295 millóns ós pensionistas e os outros 14.908 millóns, ós activos.

Atendendo á desagregación do gasto por provincias, o **cadro 7.3.11.** reflicte que a provincia de A Coruña é a que presenta un maior gasto en receitas médicas, con 26.662 millóns de pesetas, seguida de Pontevedra, con 20.579 millóns. Non obstante, é a provincia de Lugo a que presen-

ta un maior gasto por receita, con 1.863 pesetas, seguida de Ourense, con 1.833 pesetas.

Prestacións sociais

No concernente ás prestacións sociais, na área das persoas maiores, en 1998 había un total de 3.155 prazas residenciais públicas. Estas prazas repártense entre 23 residencias propias da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais (na provincia de A Coruña hai 7, por 6 en Lugo e 5 nas provincias de Ourense e Pontevedra), cun total de 2.619 prazas, e 10 residencias de iniciativa social, coas que se asinou un concerto de reserva de 536 prazas.

O **cadro 7.3.12.** recolle a distribución provincial das prazas de residencias públicas. O maior número de prazas corresponde a Pontevedra, con 904, das que 226 están ubicadas en centros concertados. A

CADRO 7.3.10.

Prestación farmacéutica 1997-98

	1997	1998	98-97 (%)
Titulares con derecho a asistencia	1.618.535	2.435.382	50,47
Activos	1.029.525	1.642.090	59,50
Pensionistas	589.010	793.292	34,68
Recargas facturadas (en miles)	38.029	38.186	0,41
Activos	11.459	11.155	-2,65
Pensionistas	26.570	27.031	1,74
Gasto por receita (en pesetas)	1.615	1.812	12,20
Activos	1.194	1.337	11,98
Pensionistas	1.797	2.009	11,80
Gasto farmacéutico medio por titular (en pesetas)	37.950	28.416	-25,12
Activos	13.284	9.079	-31,66
Pensionistas	81.065	68.443	-15,57
Gasto farmacéutico a través da receita médica (en millóns de pesetas)	61.424	69.203	12,66
Activos	13.676	14.908	9,01
Pensionistas	47.748	54.295	13,71

Fonte: Sergas

CADRO 7.3.11.

Gasto en receitas médicas 1997-98

	Gasto			Receitas			Gasto/receitas		
	1997 (en pesetas)	1998	98/97 (%)	1997	1998	98/97 (%)	1997 (en pesetas)	1998	98/97 (%)
A Coruña	23.824.021.066	26.662.188.864	11,91	14.822.147	14.864.612	0,29	1.607	1.794	11,62
Lugo	10.045.542.732	11.360.978.865	13,09	6.134.852	6.097.828	-0,60	1.637	1.863	13,81
Ourense	9.366.571.270	10.600.947.027	13,18	5.729.288	5.782.397	0,93	1.635	1.833	12,13
Pontevedra	18.188.679.010	20.579.308.710	13,14	11.342.206	11.441.418	0,87	1.604	1.799	12,14
Total	61.424.814.078	69.203.423.466	12,66	38.028.493	38.186.255	0,41	1.615	1.812	12,21

Fonte: Sergas

provincia de A Coruña dispón de 895 prazas, das que a meirande parte, 885, corresponde a centros de titularidade propia.

Das 536 prazas residencias existentes nos centros concertados, 465 corresponden a persoas asistidas (o 86,8%), en tanto que nos centros de titularidade propia esta porcentaxe é do 42,4%.

En 1998 leváronse a cabo distintos programas de atención ós maiores. Os máis destacados recóllense no **cadro 7.3.13**. O programa de turismo social foi o que beneficiou a máis persoas, con 4.105 beneficiarios e un presuposto de preto de 73 millóns de pesetas, seguido do programa campaña para o Nadal, con

3.000 beneficiarios e un presuposto de 18 millóns de pesetas.

No que á atención á infancia se refire, dentro dos recursos propios da administración, funcionaron 22 centros adicados ós nenos de titularidade da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Estes 22 centros acollían a 1.981 nenos e nenas, dos que 1.402 son menores de tres anos e 579 teñen idades entre os 3 e os 6 anos.

Por provincias, os 8 centros de A Coruña acollen a 634 nenos e os 7 de Pontevedra, a 704. É dicir, estes 15 centros acollen ó 67,5% dos rapaces atendidos nos centros infantís galegos.

CADRO 7.3.12.
Prazas nas residencias da terceira idade públicas 1998

	Titularidade propia		Titularidade concertada		Total
	Válidos	Asistidos	Válidos	Asistidos	
A Coruña	421	464	-	10	895
Lugo	456	209	-	30	695
Ourense	254	137	14	256	661
Pontevedra	378	300	57	169	904
Total	1.509	1.110	71	465	3.155

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 7.3.13.
Programas de atención a maiores 1998

	Beneficiarios	Presuposto (en pesetas)
Programa de centros de día	78	4.397.609
Programa de estancias temporais	140	
Programa de acollemento familiar de persoas maiores	451	222.189.396
Programa de turismo social	4.105	72.994.838
Programa «Arte nas túas mans»	300	6.725.000
Programa «Lembrando ós nosos maiores en Cuba»		5.800.000
Programa campaña concertada para o Nadal	3.000	17.870.000

Fonte: Dirección Xeral de Servicios Sociais

CADRO 7.3.14.
Nenos atendidos nos centros infantís dependentes da Consellería de Familia 1998

	0 a 3 anos	3 a 6 anos	Total
A Coruña	498	136	634
Lugo	257	79	336
Ourense	194	113	307
Pontevedra	453	251	704
Total	1.402	579	1.981

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

A Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da administración central, levou a cabo unha política incentivadora ante os concellos para a creación e xestión de diversos tipos de recursos infantís. O **cadro 7.3.15.** recolle os centros e servizos subvencionados dependentes de corporacións locais. En 1998 as subvencións para o mantemento e o inves-

timento nestes centros ascendeu a 269,55 millóns de pesetas. Ó longo de 1998 abriéron as súas portas tres novos centros, dependentes das corporacións de Burela, Cerceda e O Barco de Valdeorras.

Existe ademais unha serie de centros dependentes de entidades de iniciativa social ó que a consellería concedeu en 1998 subvencións por valor de 228,79

CADRO 7.3.15. Centros e servizos infantís subvencionados pola Consellería de Familia 1998: centros dependentes de Corporacións Locais

	Mantemento		Investimento	
	Contía (en pesetas)	Centros	Contía (en pesetas)	Centros
Centros infantís municipais	126.652.500	28	112.000.000	12
Atención á infancia no medio rural	30.897.000	15		
Total	157.549.500	43	112.000.000	12

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 7.3.16. Centros infantís subvencionados pola Consellería de Familia 1998: centros dependentes de institucións de iniciativa social

	Garderías subvencionadas		Contía das subvencións		Prazas subvencionadas
	Mantemento	Investimento	Mantemento (en pesetas)	Investimento	
A Coruña	28	27	44.239.700	14.649.406	1.391
Lugo	2	2	5.918.440	948.841	59
Ourense	2	2	4.015.440	187.490	73
Pontevedra	29	24	140.616.860	18.214.263	2.397
Total	61	55	194.790.440	34.000.000	3.920

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

millóns de pesetas. As guarderías subvencionadas foron 116 e o número de prazas subvencionadas ascendeu a 3.920, tal e como reflicto a **cadro 7.3.16.** ■

Consideracións sobre a PROTECCIÓN SOCIAL

D

a análise da evolución da protección social durante o ano 1998, poderían salientarse, entre outras, as seguintes consideracións:

• **1.-** En Galicia, a media anual de **afiliados á Seguridade Social** en 1998 acadou a cifra de 814,3 miles de persoas, 31,9 miles de cotizantes máis ca do ano anterior, o que supón un incremento do 4,1%.

A comparación entre a media anual de persoas ocupadas en 1998 (917.800) e a media anual de afiliados (814.300) indica que 103.500 ocupados non estarían cotizando en ningún dos reximes de Seguridade Social e se corresponderían fundamentalmente coas chamadas “axudas familiares”.

A diferenza do que acontece en 1997, en 1998 aumenta tanto o número de cotizantes á Seguridade Social como o número de persoas ocupadas. No último

ano aumenta o número de asalariados en 36.100 persoas, hai unha menor redución de cotizantes no Réxime Especial Agrario (4.700 cotizantes menos en 1998 fronte ó descenso de 5.300 cotizantes en 1997) e prodúcese un descenso do 13,4% no número das axudas familiares.

O aumento das persoas cotizantes concéntrase basicamente no Réxime Xeral da Seguridade Social (traballadores e traballadoras por conta allea) e da minería de carbón, que contabiliza 32.300 cotizantes máis, o que supón un incremento do 6,43%.

O número de **beneficiarios** que cobra algún tipo de pensión da Seguridade Social acadou en 1998 a cifra de **652.000**, un 1,37% máis que en 1997, o que representa o 8,80% do total de beneficiarios de pensións do Estado. O ratio cotizacións/pensións en Galicia situouse no 1,25, cifra inferior á media española, que, para ese ano, foi de 2,00 activos por

cada pasivo. Comparado co ano anterior, o aumento de cotizantes produciu a mellora deste ratio en Galicia, que foi do 1,22 en 1997. En España, a cifra correspondente a ese ano foi de 1,8.

- **2.-** En 1998, o sistema de Seguridade Social en Galicia presentou uns gastos superiores ós ingresos por un importe de 191.665 millóns de pesetas: os ingresos por cotas sumaron 443.450 millóns de pesetas e os pagos das prestacións, 635.115 millóns.

As **obrigas recoñecidas** totais das entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social ascenderon en Galicia a 617.443 millóns de pesetas, dos que 575.727 millóns (o 93,24%) corresponde ás pensións e o 6,76% restante, 41.716 millóns de pesetas, ós subsidios. Por provincias, A Coruña é a que ten unhas maiores obrigas con 231.777 millóns de pesetas, o 37,5% do total galego, seguida de Pontevedra, con 190.735 millóns (30,9%) e Lugo e Ourense, con 103.293 (o 16,7%) e 91.638 millóns de pesetas (14,8%), respectivamente.

Comparando os ingresos coas obrigas recoñecidas segundo os diferentes reximes, o réxime xeral recadou un total de 285.095 millóns de pesetas, en tanto que as obrigas recoñecidas ascenderon a 275.828 millóns de pesetas.

A recadación do réxime especial de autónomos ascendeu en 1998 a 58.601 millóns, en tanto que as obrigas recoñecidas acadaron os 43.562 millóns de pesetas.

O resto dos reximes presentan unhas obrigas recoñecidas que superan os ingresos por cotas. Así, o réxime especial agrario presenta unhas obrigas recoñecidas por un importe de 189.742 millóns de pesetas,

en tanto que os ingresos por cotas ascenderon a 17.199 millóns de pesetas. O réxime especial do mar presenta uns ingresos por valor de 11.902 millóns de pesetas e unhas obrigas recoñecidas de 48.895 millóns. O réxime especial de empregadas de fogar, cunhas obrigas recoñecidas de 10.961 millóns de pesetas, rexistra uns ingresos por cotas de 2.688 millóns de pesetas.

- **3.-** O importe medio da **pensión contributiva** en Galicia foi de 60.400 pesetas/mes, o 84% do importe medio da pensión en todo o estado, que foi de 71.900 pesetas/mes. Este diferencial é debido a que na estrutura de pensións en Galicia teñen maior peso as pensións do sector primario.

- **4.-** O resto da cobertura social –agás prestacións por desemprego– non financiada por cotizacións sociais acolle un total de **70.051** beneficiarios, fronte ós 70.834 do ano anterior.

O número de persoas que cobraron **pensión non contributiva** da Seguridade Social en Galicia en 1998 acadou a cifra de 48.262, un 7,1% máis que en 1997, o que representa o 11% do total de beneficiarios de pensións non contributivas do estado.

As prestacións sociais e económicas da LISMI deron cobertura a 9.832 beneficiarios, un 14,2% menos que en 1997, e as pensións asistenciais a 6.669 beneficiarios, un 29,3% menos que o ano anterior.

Os beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia foron, a 31 de decembro de 1998, 4.140 persoas (29% homes e 71% mulleres), un 5,4% superior ó número de beneficiarios existentes na mesma data do ano anterior.

• **5.-** O número de beneficiarios de **prestacións por desemprego** en Galicia continúa a súa tendencia descendente, experimentando en 1998 un descenso do 10,52% respecto ó ano anterior, ó pasar de 73.901 beneficiarios, en media mensual, a **66.122** beneficiarios no ano 1998. A taxa de cobertura bruta –que mide a porcentaxe de persoas paradas que cobra algún tipo de prestación– diminuíu desde o 43,6% do ano 1997 ata o 42,25% de 1998. Dito en termos absolutos, das 156.541 paradas rexistradas, 90.419 non cobran prestacións.

Respecto ó tipo de prestación por desemprego, un 43,3% dos beneficiados cobrou as prestacións de nivel contributivo e o 56,7% recibiu as prestacións do nivel asistencial, correspondente ó 75% do salario mínimo interprofesional.

• **6.-** O número de **camas hospitalarias** instaladas en Galicia nos hospitais do Sergas en 1998 ascendeu a 6.675, inferior á cifra do ano anterior (6.693 en 1997). O número total de **intervencións nos hospitais** do Servicio Galego de Saúde foi de 132.357, un 2,1% inferior ó rexistrado o ano anterior. O **gasto farmacéutico** (recetas médicas) en Galicia foi de 69.203 millóns de pesetas, un 12,7% superior respecto ó ano 1997, e o número de **recetas** (38.186.255) aumentou un 0,4% respecto ó ano anterior.

En 1998, entrou en vigor a nova lista de fármacos excluídos. Esta medida non parece constituir un instrumento suficiente para conter este gasto. ■

